

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 15/12/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15/12/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

PAOLA MARIA MOCHALES

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09 de decembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/4915

Visto o informe - proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Peycar Pontevedra SL para o subministro e dotación de uniformidade para dous novos axentes da Policía Local, por un importe total de 4.617,36 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4875

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música e un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en Arzobispo Gelmírez nº 36, os días 24, 26, 27 e 30 de decembro de 2025 e os días 2, 3, 5 e 6 de xaneiro de 2026, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para música e un altavoz na terraza os días 24, 26, 27 e 30 de decembro de 2025 e os días 2, 3, 5 e 6 de xaneiro de 2026, en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:00 horas.

Deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público,

polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/4874

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Manuel Lameiro Barreiro, en representación de Asociación Galega de Linfedema AGL, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Rúa A Baldosa (frente á Cafetería Stocolmo), o día 13 de decembro de 2025, en horario de 10.00 a 14.00 horas, para a celebración dun mercadillo navideño.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4873

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Fatima de los Santos de las Flores, solicitando autorización para ocupación de vía pública, en Praza Ravella, o día 31 de decembro de 2025, para instalar un posto de venda de globos de helio, con motivo da celebración da toma das uvas de fin de ano 2025.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/4889

En base ó establecido na lei 5/2007 de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, no seu artigo 27, e obriga dos Concellos de mais de 20.000 habitantes, a elaboración e aprobación do Plan de Emerxencia Municipal-PEMU.

Os traballos consisten na redacción, validación técnica, implantación, etc do Plan de Emerxencia Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para Redacción e implantación do Plan de Emerxencia Municipal, á Empresa AEROGUARD GALICIA & EMERXENCIAS (PABLO LOPEZ ARIAS) NIF: 76.736.009-M, por importe de 17.847.50€, con cargo á partida orzamentaria 135-22706, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4910

Vista a proposta do Servizo de Alumeado, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas SL para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 3.640,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4906

O Concello precisa renovar e ampliar o seu stock de mesas para eventos municipais debido ao deterioro acumulado das unidades actualmente en uso. Moitas delas presentan inestabilidade estrutural, superficies danadas e desgaste funcional derivado do uso continuado e das condicións de almacenamento.

Esta situación ocasiona problemas organizativos en actividades culturais, cursos, reunións, encontros veciñais e actos oficiais, limitando a capacidade de resposta dos servizos municipais e comprometendo a seguridade e comodidade das persoas usuarias.

En consecuencia, considérase imprescindible adquirir novo mobiliario que garanta o correcto desenvolvemento das actividades programadas, evitando incidencias e mellorando a calidade dos servizos municipais ofrecidos á cidadanía.

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa SOBRINO G, SA., por importe total de 1.037,45 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22199, para subministro de 10 mesas plegables brancas rectangulares, de 1,80 m., e 6 mesas plegables brancas redondas de 1,50 m.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4898

O equipamento actual de iluminación e son do Concello atópase nun estado de obsolescencia e presenta limitacións tanto no rendemento como na fiabilidade. Isto repercute negativamente na realización dos eventos culturais, imposibilitando acadar os estándares técnicos adecuados.

Por este motivo, polo Servizo de Alumeado Público propónse adquirir novo material que permita:

- Garantir a correcta execución das actuacións e eventos.
- Modernizar o equipamento técnico, mellorando a calidade e versatilidade das montaxes.
- Incrementar a eficiencia e seguridade do persoal técnico e artístico.

MATERIAL A ADQUIRIR

- 3 unidades Cabeza móbil Varytec Hero Spot 230W
- 12 unidades Par eco slim 180
- 2 unidades Recorte LED Leko 200W 36°
- 1 unidade Diadema Sennheiser HSP4
- 1 unidade Adaptador minijack 3,5 mm a XLR phantom (RODE)
- 1 unidade Proxector LED 150W
- 2 unidades Proxector LED 200W
- 4 unidades Óptica gobos LED 1:1
- 4 unidades Deseño gobos LED
- 2 unidades Sennheiser EW-D ME2/835-S Q1-6
- 2 unidades Stairville RJ45 DMX Shuttle Snake FX4-MX4
- 2 unidades Monitor dB Technologies Flexsys FM10
- 1 unidade Mesa de mesturas Behringer XENYX 1204USB
- 2 unidades Gator GM-1W Wireless System Bag
- 2 unidades Sennheiser XSW 2-CI1 Rango A SET
- 2 unidades Montaxe e instalación (set-up)

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Javier Gey Fungueiriño, por un importe total de 17.950,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.62300, para o subministro de material de iluminación e son para actuacións e eventos culturais no Auditorio Municipal.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4865

Dáse conta de proposta do Departamento de Informática, na que se indica:

Nas próximas semanas, debido a trámites administrativos de homologación da instalación eléctrica de todo o edificio da casa consistorial, o departamento de electricidade levará a cabo un corte TOTAL do subministro eléctrico do edificio, ademais deberá realizarse un apagado TOTAL de todos os equipos que necesiten alimentación eléctrica: iluminación, emisoras, SAI's Xenerador, Ordenadores, Ascensores etc.

Dende o servizo de Informática quereuse aproveitar este apagado total para realizar unha serie de actuacións de seguridade no C.P.D. totalmente necesarias e que só poden ser realizadas durante un apagado total do C.P.D. e arranque do mesmo.

Para realizar estas actuación é necesaria a asistencia técnica in-situ da empresa RICOH SPAIN IT SERVICES S.L.U. (antes I.P.M.) que realizou a implantación dos sistemas de comunicacións e cabina U.C.S. do C.P.D. Como resultado a empresa entregará un manual de apagado total do C.P.D e configurará o sistema para que ante un problema de subministración eléctrica se realice sempre un apagado e encendido ordenado de todo o sistema.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa RICOH SPAIN IT SERVICES S.L.U. unha asistencia técnica para a realización de varias actuacións de seguridade no CPD municipal por un prezo de 3.626,14 €, IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/4793

Xunta de Goberno Local, en sesión de data 20 de outubro de 2025, acordou aprobar a delimitación presentada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para o proxecto de interese autonómico (PIA) da Avda. das Carolinas - Rúas Coca e Arealonga, destinado a crear solo residencial para 350 vivendas, sometidas a algún réxime de protección pública, procurando dar o citado proxecto solución a os aspectos seguintes:

- Que a futura ordenación teña en conta as vivendas existentes evitando a súa expropiación.
- Que se aproveiten as vías de acceso existentes, e previstas no planeamento municipal, para completar o tecido urbano do novo ámbito de intervención urbanística.
- Que se axuste o perímetro do polígono a límites claros evitando deixar como remanentes parcelas inservibles.

Dáse conta da comunicación enviada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, con data 2 de decembro de 2025, no que se indica:

"Da literalidade deste acordo non se desprende, de maneira inequívoca e concluínte, a conformidade municipal coa delimitación do ámbito de actuación proposto, xa que semella estar supeditada á solución de determinadas cuestións de carácter xeral, que exceden de meras precisións ou puntualizacións técnicas.

A conformidade municipal prevista no artigo 63.4 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, constitúe un requisito preceptivo para a declaración do interese autonómico da actuación, polo que o pronunciamento do concello sobre a delimitación do ámbito de actuación seleccionado debe ser claro e non suscitar dúbidas.

En atención ás consideracións anteriores, solicítolle que manifesté a súa conformidade coa delimitación inicial do ámbito de actuación seleccionado para promover e desenvolver actuacións de creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Vilagarcía de Arousa."

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda manifestar a súa conformidade coa delimitación inicial do ámbito de actuación seleccionado para promover e desenvolver actuacións de creación de solo destinado maioritariamente á construción de 350 vivendas sometidas a algún réxime de protección pública en Vilagarcía de Arousa, situado na Avda. das Carolinas - Rúas Coca e Arealonga.

PRP2025/4954

O Diario Oficial de Galicia do día 17 de novembro de 2025, publica un anuncio da Consellería de Economía e Industria de 10 de novembro de 2025, da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, polo que se somete a información pública o proxecto dun novo terminal de almacenamento de betume no Porto de Vilagarcía de Arousa, promovido por Betumes Gallegos, SLU, declarado proxecto industrial estratéxico (PEI), mediante o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 16 de decembro de 2024. O anuncio fáise público para que poidan presentarse alegacións ou observacións dentro do prazo de 30 días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia.

O proxecto consiste na construción dun novo terminal de almacenamento de betume no porto de Vilagarcía de Arousa, utilizando dous espazos portuarios cunha superficie para ocupar de 6.782,1 m² con capacidade para 43.000 m³. Ademais, resérvase unha superficie soterrada de solo portuario (aproximadamente uns 732,76 m²) para o trazado das tubaxes de betume entre o peirao de Comboa e as dúas zonas de almacenamento.

– Investimento: 21.610.700 euros.

– Principais instalacións da planta:

Dous espazos portuarios para a almacenaxe e distribución de betume (zona 1 e zona 2, tamén chamadas site 1 e site 2), que se atopan a unha distancia de 100 metros entre elas, coas seguintes características xenéricas:

- Na zona 1 (site 1) propónse o desmantelamento das instalacións e construcións existentes sobre a parcela e a nova construción dunha planta de almacenamento de betume, cunha capacidade nominal de almacenaxe de 33.000 m³ e unha capacidade útil de 31.000 m³.
- Na zona 2 (site 2) propónse a reutilización dunha planta de almacenamento de betume existente, coa execución de obras de mantemento e conservación para unha capacidade nominal de almacenaxe de 6.720 m³ e unha capacidade útil de 6.000 m³.

Ademais destas zonas, realizaranse trazados e canalizacións de condución de betume e instalacións complementarias destas instalacións.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o exposto, así como o informe emitido o día 10 de decembro de 2025 polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda presentar a seguinte alegación ao proxecto dun novo terminal de almacenamento de betume no Porto de Vilagarcía de Arousa, promovido por Betunes Gallegos SLU:

1) A normativa urbanística de aplicación que afecta aos terreos da actuación que se pretende, é o "Plan Especial do Porto de Vilagarcía de Arousa", aprobado polo Concello o 27 de abril de 2000, SECTOR 1 (S.1) "áreas Portuarias vinculadas ao tráfico de mercancías e instalacións", SUBSECTOR S.1.14., establece o seguinte:

"Altura máxima sobre a rasante 12 m. (salvo elementos especiais pertencentes ao proceso de fabricación, manipulación e almacenamento de mercadorías e depósitos elevados, que terán altura libre").

Visto o anterior, debe indicarse que dous dos depósitos a instalar na Zona 1 proxectanse cunha altura de 27 mts., que aínda que cumpren co indicado pola ordenanza do Plan Especial citado anteriormente, duplican a altura dos depósitos existentes na actualidade, e considerase que inciden na imaxe urbana cara a rúa Valle Inclán, afectando ás vistas cercanas e creando unha barreira que dependendo do punto de visión dende a rúa, acada unhas dimensións e impacto visual importantes ás persoas que percorren a devandita vía tanto en vehículo como a pé.

Co fin de evitar ditos efectos perniciosos, a Xunta de Goberno Local considera necesario reducir a altura de ditos elementos.

2) Dar conta do presente acordo á Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, así como á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/4807

Dáse conta de Resolución da Alcaldía, do 20 de xuño de 2025, pola que se aproba a Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2025, que inclúe as prazas de persoal funcionario de carreira que a continuación se reseñan:

GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACION PRAZA	ESCALA/SUBESCALA/CLASE/CATEGORÍA	Nº
----------------	--------------------	----------------------------------	----

C / C1	Policía	Admón. Especial/Servizos especiais/Policía Local/ Básica	2
--------	---------	--	---

Asemade na citada Resolución aprobouse a convocatoria por mobilidade de:

GRUPO/SUBGRUPO	DENOMINACION PRAZA	ESCALA/SUBESCALA/CLASE/CATEGORÍA	Nº
C / C1	Policía	Admón. Especial/Servizos especiais/Policía Local/ Básica	1

Dáse conta de Resolución da Alcaldía 1 de decembro de 2025, pola que se aproba a ampliación da Oferta de Emprego Público 2025, ordinaria e convocatoria de promoción interna, seguinte:

A presente ampliación da oferta de emprego público 2025 inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación presupostaria que deben proveerse mediante a incorporación de persoal funcionario de carreira de novo ingreso, seguinte:

Grupo / Subgrupo	Praza	Nº	Escala	Subesc/Clase/Categoría
A / A1	Técnico Superior Administración Xeral	1	Administración Xeral	Técnica Superior
C/ C1	Oficial Compostaxe	1	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Oficial
C/ C2	Auxiliar Administrativo	4	Administración Xeral	Auxiliar
AP	Operario de servizos	6	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Operario

Procede asemade aprobar a convocatoria por promoción interna das seguintes prazas:

Grupo / Subgrupo	Praza	Nº	Escala	Subesc/Clase/Categoría
A / A2	Técnico Medio Administración Xeral	2	Administración Xeral	Técnico Medio
A / A2	Técnico Medio Deseño Gráfico	1	Administración Especial	Técnico Medio
A / A2	Inspector	1	Administración Especial	Policía Local/Servizos Especiais/Policía Local/ Executiva
A / A2	Técnico Medio Director/a Biblioteca	1	Administración Especial	Técnico Medio
C / C1	Administrativo	5	Administración Xeral	Administrativo
C / C2	Auxiliar Biblioteca	5	Administración Xeral	Auxiliar
C / C2	Oficial Instalacións Culturais	1	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Oficial
C / C2	Oficial Electricista	2	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Oficial
C / C2	Encargado Servizos Múltiples	1	Administración Especial	Servizos Especiais/Persoal de Oficios/ Oficial

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/4921

Visto o Boletín Oficial da Provincia nº 156, do 19 de agosto de 2025 no que se publican as bases reguladora e convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto “+Emprega nos Concellos 2025” para financiar contratos formativos.

Recibida resolución de data 03/11/2025 do outorgamento da condición de entidades colaboradoras do proxecto “+Emprega nos Concellos 2025” para financiar contratos formativos (expte. 2025050276), correspondéndolle ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención por importe global de 45.600,00€, cunha duración do contrato de 12 meses e a xornada completa.

O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo de 12 meses e os contratos deberán comezar o 15 de xaneiro de 2026.

A convocatoria para dito proceso se levará a cabo a través de oferta de emprego público tramitada a través do Servizo Público de Emprego de Galicia e publicación na sede electrónica e nas RRSS.

As titulacións propostas ao programa "+EMPREGA 2025" nos concellos da Deputación Provincial de Pontevedra no Concello de Vilagarcía son as seguintes:

- 1 Ciclo superior en administración e finanzas.
- 1 Ciclo en actividade física e o deporte.
- 1 Licenciado/a/Grao en Dirección e Xestión Pública.

O importe da subvención concedida para a contratación dos tres traballadores/as en formación é de 45.600,00€, cun contrato a tempo completo cunha duración de 12 meses, sendo a aportación do Concello de 31.354,91€ por ese mesmo período.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á realización dos trámites necesarios para a contratación dos/as tres traballadores/as.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/4848

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACIÓN PARKINSON PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON CIF G36456317 por importe de 1.500,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, e aprobado en Xunta de Goberno Local 21/07/2025, con cargo á partida 231.48002.

PRP2025/4847

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACIÓN GALEGA DE LINFEDEMA con CIF G36479103 por importe de 1.800,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, con cargo á partida 231.48002.

PRP2025/4846

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO con CIF G36242071 por importe de 1.500,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, con cargo á partida 231.48002.

EMPREGO**PRP2025/4844**

Dáse conta da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras en réxime de concorrência competitiva, para o 2026, das axudas e subvencións para os Obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, concibidos como programa de formación, práctica profesional e para incentivos á contratación temporal en empresas, respetando os principios de obxetividade, igualdade, transparencia e publicidade (TR353A)

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME 2026 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Recuperación integral e revalorización do Parque Botánico Valdés Bermejo.
- Elaboración e mantemento de mobiliario par a revalorización dos espazos públicos naturais e urbanos en instalacións e edificios de titularidade municipal.
- Realización e acondicionamento de equipamentos e infraestruturas de albanelería en edificios e espazos de titularidade municipal.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nos módulos antes mencionados.

As especialidades formativas con certificado de profesionalidade do Obradoiro de Emprego OE FORME 2025 que se solicitan para a súa aprobación son os seguintes:

- Pavimentos e albanelería de urbanización: Certificado de profesionalidade Nivel 2 EOCB0211
- Instalación de elementos de carpintería: Certificado de profesionalidade Nivel 2 MAMS0108

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de 445.576 €, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/AS-TRAB	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS/AS-TRAB	TOTAL
129.312 €	36.576 €	248.639,40 €	31.048,60 €	445.576,00 €

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de 35.000 € na partida correspondente, para o

financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Emprego , Comercio e Emigración, para os anos 2026/27, dende o 1 de xuño de 2026 ata o 28 de febreiro de 2027.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2025/4928

O 27 de novembro de 2025 D. Daniel Abad Gómez, en representación da Asociación Pes de Barro, solicitou o uso da zona de restauración da praza de abastos para a realización do evento "PRIMEIRA FOLIADA PES DE BARRO".

Segundo indica na súa instancia, a asociación precisará dispor do espazo na tarde do sábado 20 de decembro (para organización do evento) e durante todo o día do domingo 21 de decembro para a celebración da foliada.

Ademáis, a asociación solicita dispoñer dos elementos seguintes:

- Nove celosías de madeira existentes na praza
- Catro mesas grandes desmontables
- Vinte e cinco cadeiras de madeira
- Un palco
- Megafonía

Dáse conta do Informe do Servizo de Mercados no que se indica:

Respecto da autorización do uso do espazo, infórmase que non existe impedimento para a utilización das instalacións, se ben, debe entenderse que a asociación asumirá a responsabilidade exclusiva respecto a calquera incidente ou dano derivado do uso das instalacións.

Igualmente, tal como asumiu vía telefónica, a solicitante farase cargo da limpeza dos espazos ao remate-do evento, deixando as instalacións no mesmo estado en que foron postas á súa disposición.

En canto ao horario solicitado, o responsable da asociación, concretou telefónicamente os días e horas para os que se solicita o uso das instalacións:

- Sábado 20, de 18 a 21 horas
- Domingo 21, de 10 a 23 horas

En canto a este extremo non hai impedimento en autorizar o uso nos días e horas concretados.

En canto aos recursos materiais solicitados, infórmase:

- Que 4 das celosías de madeira están a ser utilizadas para outro evento organizado polo Concello, polo que a asociación poderá utilizar as cinco que permanecerán na praza.
- Non dispoñendo o Concello de 25 cadeiras de madeira, deixaránse a disposición ata 40 cadeiras de plástico apilables.

Respecto ás 4 mesas grandes desmontables, non existe impedimento para o seu uso, polo que se deixarán a disposición da asociación aos efectos solicitados.

- Igualmente poderán utilizar a megafonía existente na praza, sen prexuízo da responsabilidade da asociación solicitante respecto ao bo uso da mesma.

En canto á posibilidade de instalar un palco na planta superior da praza, seguindo o criterio do persoal técnico do Concello, non procede a súa instalación.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización, coas limitacións indicadas no informe do Servizo de Mercados.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/4876

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos (NIF G70109376) é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral. O abondoso e acertado cultivo do teatro do escritor chairego fai aconsellable a colaboración mutua das institucións públicas e privadas para a difusión deste importante legado literario.

Por isto, a Fundación Manuel María de Estudos Galegos, en colaboración co Centro Dramático Galego, deputacións provinciais e diversos concellos galegos, convoca o Certame Manuel María de Proxectos Teatrais, de periodicidade bienal, que ten como obxecto premiar a mellor proposta escénica sobre textos de Manuel María.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 21/10/2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a declaración de intencións recollida no protocolo de colaboración a asinar entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a representación da obra gañadora do IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais, comprometéndose o Concello a:

1. Promover unha programación teatral para o ano 2025 na que se inclúa a representación do proxecto que resulte gañador do IV CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS do ano 2024, convocado pola Fundación.
2. Contratar coa compañía gañadora a representación da obra teatral no transcurso do ano 2025.
3. Financiar integramente o caché da compañía, ata un importe máximo de 2.700 euros máis os impostos correspondentes, así como os custos de representación no caso de habelos.
4. Facer constar na cartelaría e publicidade en xeral que a obra representada resultou ser proxecto gañador do IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais.
5. Incluír no orzamento do ano 2025 as contías necesarias para poder levar a cabo a actuación indicada anteriormente.

O protocolo de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación Manuel María de Estudos Galegos para a representación da obra gañadora do IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais foi asinado por ambas as partes en novembro de 2024.

En virtude do protocolo asinado (cláusula segunda b), a Fundación Manuel María de Estudos Galegos achegou a certificación da concesión do premio coa expresión da compañía e do proxecto gañador, que nesta IV edición recaeu en Berenguela na gaiola, dirixido por Paula Carballeira e presentado conxuntamente polas compañías Galeatro e Xarope Tulú. Tamén se indica que o caché do espectáculo premiado está establecido en dous mil (2000,00) euros, máis os impostos, e que a contratación da compañía premiada se fará a través de URDIME, Sociedade Cooperativa Galega.

Por todo o anterior, vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro. Elevar ao carácter de contrato o protocolo asinado coa Fundación Manuel María de Estudos Teatrais en novembro de 2024 para a representación da obra gañadora no IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais.

Segundo. Autorizar a tramitación anticipada do contrato menor por importe de dous mil catrocentos vinte (2420,00) euros (IVE engadido) ao terceiro Urdime, Soc. Cooperativa Galega (NIF 70353982) polo caché da representación da obra gañadora no IV Certame Manuel María de Proxectos Teatrais titulada Berenguela na gaiola, dirixida por Paula Carballeira e presentada conxuntamente polas compañías Galeatro e Xarope Tulú, con cargo á partida 334.22637 do orzamento de 2026, condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente dese exercicio.

CONCEPTO	PROVEDOR	NIF	BASE IMPOÑIBLE	TIPO IVE (%)	IVE (€)	IMPORTE CON IVE (€)
CACHÉ DA REPRESENTACIÓN DA OBRA	URDIME, SOCIEDADE	F70353982	2000,00	21%	420,00	2420,00

GAÑADORA DO IV CERTAME MANUEL MARÍA DE PROXECTOS TEATRAIS, TITULADA: «Berenguela na gaiola»	COOPERATIVA GALEGA Avenida de Lugo, 2A, baixo esquerda, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña)					
---	---	--	--	--	--	--

XUVENTUDE

PRP2025/4907

Dase conta á Xunta de Goberno Local, da subvención concedida ao abeiro das Bases Reguladoras da Subdirección General de Promoción del Libro, la lectura y las letras españolas, en relación coa convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva para a promoción da lectura e as letras españolas, correspondente ao ano 2025, para o programa VILAGARCÍA, CIDADE DE LIBRO 2025.

A subvención concedida ascende a un total de 19.000 euros. O programa obtivo unha puntuación total de 59 puntos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/4869

Despois de ver a conta xustificativa das axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do ano 2025 concedida a CMMVVMC N° 3004 CORNAZO E SOLOBEIRA

Despois de ver o informe favorable do encargado do servizo e da técnica de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga a favor da CMMVVMC N° 3004 CORNAZO E SOLOBEIRA polo concepto de “axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2025” polo importe de 9 984,00 €, con cargo á partida 1720.489.

Segundo a base 6ª das bases reguladoras do programa de axudas o pagamento da axuda concedida farase efectivo nun pago único logo da xustificación correspondente da realización do proxecto aprobado.... a favor da CMVMC beneficiara da axuda.

BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE
CMMVVMC N° 3004 CORNAZO E SOLOBEIRA	V-36103760	9 984,00 €

PRP2025/4868

Despois de ver a conta xustificativa das axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do ano 2025 concedida a COMUNIDAD MONTES VECINALES MANO COMÚN DE CEA VILAGARCÍA

Despois de ver o informe favorable do encargado do servizo e da técnica de medio ambiente.

